

(Joupa)

A Cruña  
20  
marzo  
1974

Maruxa e Luis Seoane  
Buenos Aires

Amigos nosos benqueridos:

Podemos, ao fin, darvos noticias encol das actuacións xudiciáis verbo do accidente automovilístico que derradeiramente padecéchedes nos Cantóns. As cousas van, como veredes, amodiño. A rapidez na xusticia non deixa de ser unha aspiración coma outra calquera. Polo Xuzgado militar dictouse auto de inculpación en contra do autor da tropelia. Quen, pola súa parte, considérase como tal na declaración que prestou. Agora pende o choio da xustificación do montante dos danos. E xa lle encarguéi ao Procurador que se fixera coas facturas referentes ao arranxo do "carro". Do malfadado "carro".

Pola súa banda, o Xosé Luis fíxome saber da venda do coche. O que non conocemos -porque non era cousa nosa- foi o precio, o nome do comprador nin as demais condicións da compraventa. Mais díxonos que xa vos tiña informados da operación.

Onte estivemos tomando o aperitivo co matrimonio Dieste. O Rafael estávos encantado da vida coa formidable acollida que tivo o seu "Félix Muriel" na súa segunda saída ao mundo. Tanto no público lector como nos xornáis e revistas. Pra moitos foi -fixádevos ben- unha revelación. Supoño que conoçeredes as dúas páxinas que argallamos na "Voz". Levaban reproducidos dous dibuxos da edición americaná. Falamos moito, e ben, de vosoutros. O Rafael díxonos que, por rara casualidade, era acreedor de carta vosá. Pra compensar díxémoslle que nós, en troques, eramos deudores.

O problema do noso amigo, vai indo. E, asegún noticias oficiosas, a proba pericial -minuciosa e detida, exhaustiva- serálle favorable. Así Diolo queira, polo ben de todos. E meigas fora. Un destes días propoñémonos facer unha viaxata sagardelián como cicerones duns amigos de fora. E poderemos conoçer o seu talante actual. Aínda que o desacougo é nel unha constante, que apenas deixa márxes ás sorpresas.

Presentáenos unha ocasión pra facer un viaxe a Buenos Aires. Mais, co corazón magoado, refugámola. Sería pra nós unha ilusión fantástica abrazarvos sorprendentemente en Montevideo, 1985. Nembargante, unha mancha de circunstancias aconsellaron a nosa dolorosa decisión. Xa volas faceremos saber, porque agora sería longo de verquelas ao papel.

A nosa vida vai camiñando paseniñamente polos vieiros dunha cotianidade resabida. Como única novidade contamos co fin da carreira do noso fillo, e coa súa estada en Sevilla servindo ao Rei. Destinárono, como sarxento da Milicia universitária, a un grupo de carros de combate. Está, logo, a facer un servizo lúdico. Quérese dicir, xogando como cando de neno brincaba cos cocheciños de choque no Relleno.

Confiadamente ficamos na espera de boas noticias vosas. E namentras, recibide cinguidas apertas de nós dous pra vós dous.

Nos acordamos mucho de vosotros y pensamos mucho en la cocina de Maruxa.  
Muchos abrazos Fernando Joupa